

**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN
XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE.** Rúa Curros Enríquez, 1-4º. 32003 Ourense.

Asunto: Alegacións ao ACORDO do 22 de abril de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do parque eólico Fontesanta, situado nos concellos de Bande, Rairiz de Veiga e Vereia, na provincia de Ourense (**expediente IN408A 2018/017**), DOG Núm. 96, 19 de maio de 2022.

Don/Doña _____ con DNI _____,
con domicilio a efectos de notificacións en _____,
municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPOÑO:

1. A promotora realiza unha **FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTA** do proxecto. Esta infraestrutura inclúe a Liña eléctrica aérea de evacuación dos parques eólicos Lamas de Feás e Feás II, e a Liña eléctrica de evacuación dos parques eólicos Lamas de Feás, Feás II, Fontesanta e Monte da Neve, que fai parte da a Liña aéreo-subterránea SET Fontesanta-SET Frieira. Cómpre resaltar o carácter unitario dos parques eólicos previstos, no sentido de que todos os seus elementos e instalacións deben contemplarse desde unha perspectiva unitaria, desde os accesos e os propios aeroxeradores ata a liña de conexión dos parques no seu conxunto coa rede de distribución ou transporte de electricidade. Non pode darse un tratamento separado a grupos de aeroxeradores e tratalos como parques autónomos, ou duplicar instalacións co mesmo fin, pois iso comportaría efectivamente unha fraude de lei que, á marxe do seu maior impacto ambiental, podería supoñer unha alteración da competencia ou unha evitación de maiores esixencias ambientais.

2. **Ausencia de AVALIACIÓN SINÉRXICA DOS IMPACTOS.** Dada a proximidade física entre os proxectos de parques **PE FONTESANTA, PE LAMAS DE FEÁS, PE MONTE DA NEVE**, así como o **PE O VIEIRO (operativo)**, e por conseguinte a súa afección aos mesmos espazos naturais, especies, patrimonio ou poboación, é precisa unha análise exhaustiva, ecosistémica e participada que garanta un modelo de desenvolvemento rural equilibrado da zona afectada, no sentido do disposto no artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, que establece que calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable ás especies ou hábitats dos espazos da Rede Natura 2000, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no espazo, tendo en cuenta os obxectivos de conservación.

3. **Afección moi MOI SEVERA ás augas.** O proxecto carece dun estudo hidrolóxico e hidroxeolóxico que garanta a calidade das masas de augas. A propia promotora, en acto público no Concello de Bande, admitiu que o proxecto podería sufrir cambios porque puido non ter tido en consideración determinados impactos. **Cal é a fiabilidade do informe que se presenta a exposición pública?** O Monte Grande posúe un elevado número de nascentes, entre eles, as corgas das Regueiras, Regato de Carpazás, Regato de Lamas e Corgas das Velas; e espazos como a Lagoa Grande e o Lago do Llermes. Existe unha afección severa e irreversible a humedais e a paraxes ribeiregas que reúnen características higrófilas.

4. **Impactos MOI SEVEROS na flora.** O proxecto sitúa a infraestrutura sobre a área de musgo que se estende desde o Arando, polas Terras Brancas e o Monte Raso, e que dá razón dun réxime hídrico hiperhúmido e condición termófilas creadas por unha vexetación singular. Ademais, o proxecto tería impacto directo sobre 50 hectáreas de carballeira, e outras 30 hectáreas nas que a Xunta investiu para promover a formación de hábitats autóctonos prioritarios.

5. **Impacto sobre o USO FORESTAL DO MONTE GRANDE.** O proxecto, de se realizar, remataría para sempre co uso predominante do Monte Grande, o uso forestal. Un uso que entre outras cuestións levou á catalogación do espazo como Semillero Europeo pola calidade das sementes de Pinus silvestris. Conta cun plan de Ordenación Forestal, e constitúe un modelo de xestión sustentábel e rendíbel, alén dun sumidoiro de

CO2. O proxecto de polígono e a LAT de evacuación faría perder máis dun 15% da masa arborada e parcelarían o comunal.

6. Impactos nunha área de alto valor de PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO. A riqueza patrimonial do Monte Grande, un espazo no que hai constancia de poboamentos desde o Neolítico, veríase severamente afectada. En particular, e dada a situación das diferentes infraestruturas, afectaría ás mámoas e petróglifos da Fonte Santa, á mámoa e coviñas do Monte Raso, aos petróglifos da Lagoa Grande, e ao Foxo do Lobo das Covateiras.

7. Impacto moi severo sobre A PAISAXE. O proxecto sitúase en zona da Reserva da Biosfera Xurés-Gerês, e as infraestruturas de evacuación afectan a unha zona máis ampla da propia Reserva e sitúanse mesmo en Rede Natura (PE Lamas de Feás, e LAT SET Fontesanta-SET Frieira). Os aeroxeradores serían visíbeis desde toda a extensión do Parque Natural do Xurés, o maior do país, xa que estaría colocados a só 7 quilómetros da área oeste do Parque Natural e a 10 da área sur.

8. Impacto contra A SAÚDE PÚBLICA. Despois de máis de dúas décadas de implantación de eólicos de forma masiva en Galiza, coñécese que provocan graves problemas na saúde das persoas. Unha sentenza de 2021 en Francia definiu o Síndrome da turbina eólica no caso dun polígono a 700 metros de vivendas. En Alemaña, a distancia legal aos núcleos dos aeroxeradores que se pretenden chantar no Monte Grande, superaría os mil metros. No caso do PE FONTESANTA, a aldea de Martiñán, a parte leste de Bande, e os núcleos de Vilar e Lueda quedarían a menos de 2 quilómetros dos aeroxeradores.

9. Impedimento a unha PARTICIPACIÓN PÚBLICA real no procedemento. Como advertiu o último informe do Consello da Cultura Galega hai apenas uns meses, o dereito á participación pública sofre numerosos atrancos nos procedementos de tramitación de infraestruturas eólicas na Galiza. Estanse a incumprir, tamén neste caso, a Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e o Convenio de Aarhus de 1998 sobre o acceso á información, a participación do público e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que garanten o acceso público a información ambiental que obre en poder das autoridades públicas ou doutras entidades no seu nome, tanto cando se lles solicite como mediante divulgación activa.

10. NON CONTA CON LICENCIA SOCIAL. O macro-complexo eólico que Greenalia está a deseñar nas comarcas da Limia, Baixa Limia e Terras de Celanova NON CONTA CON LICENCIA SOCIAL, como veñen demostrando as mobilizacións no último ano, con recollida masiva de alegación contra os proxectos parcelados en Celanova, Vereá e Bande, primeiro, e despois en Calvos de Randín, Os Blancos, Baltar e Porqueira.

POR TODO O ANTERIOR,

SOLICITO:

*O rexeitamento das solicitudes de autorización administrativa previa, da declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, da autorización administrativa de construción, do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e do estudo de impacto ambiental do parque eólico Fontesanta, situado nos concellos de Bande, Rairiz de Veiga e Vereá, na provincia de Ourense (**expediente IN408A 2018/017**), DOG Núm. 96, 19 de maio de 2022 e a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licenza social.*

Sinatura

.....

Bande, 20 de xuño de 2022.